

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 23 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a e 4 como responsable do contrato e aos puntos 7, 8, 9 e 10 como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños)
D^a. Luz González Domínguez (asiste aos puntos 2b e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 16 de novembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 16 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a CARROFESTA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.

No referido sobre C o licitador non presentou a proposición económica (esixida no PCAP na cláusula 14.2c e no apartado 6B do Anexo I).

Non asiste público á apertura.

Ao non terse presentado a proposición avaliable a través de fórmula do único licitador presentado e admitido neste procedemento, a Mesa acorda, por unanimidade, adoptar o seguinte acordo:

- Excluir a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(13.397-445) por non ter presentado a documentación do Sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" esixida no PCAP na cláusula 14.2c e no apartado 6B do Anexo I.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 15 de novembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 21 de novembro de 2018 a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 15 de novembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 21 de novembro de 2018 a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informes sobre as xustificacións presentadas no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 23 de novembro.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical, polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 23 de novembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acorda, para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP, outorgar un prazo de tres días a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. para que indique se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación).

A información sobre a pertenza a un grupo de empresas dos demais licitadores presentados e admitidos consta nos expedientes nº 74/441 e 109/441.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acorda, para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP, outorgar un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación):

1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A información sobre a pertenza a un grupo de empresas dos demais licitadores presentados e admitidos consta nos expedientes nº 74/441 e 109/441.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	98,40
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	95,51
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	94,80
4	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	94,30
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	92,02
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,29
7	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,14
8	ORECO, S.A.	88,43
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,78
10	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	86,77
11	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	81,91
12	COPCISA, S.A.	78,67
13	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	55,54

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.	95,04
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	94,75
3	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,29
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93,49
5	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL - MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	91,37
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,26
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,70
8	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	88,39
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,77
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,17
11	ORECO, S.A.	85,03
12	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	74,77
13	COPCISA, S.A.	73,83
14	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	30,60



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:57	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A542-C1D1BC-ED5E8D-YLAB3Y-YEZRRE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		